



## **O Parlamento de Galicia acolle esta fin de semana a reunión anual dos intergrupos parlamentarios ‘Paz e Liberdade para o Pobo Saharauí’**

- **Está prevista a participación de representantes de doce parlamentos autonómicos**

**Santiago, 29 de febreiro de 2016.-** O Parlamento de Galicia acollerá o vindeiro sábado, 5 de marzo, a XX Conferencia dos Intergrupos Parlamentarios ‘Paz e Liberdade para o Pobo Saharauí’, unha iniciativa na que tomarán parte representantes de doce parlamentos autonómicos españois.

A conferencia será inaugurada pola vicepresidenta 1ª do Parlamento de Galicia, Marta Rodríguez Arias, nun acto no que tamén intervirá o coordinador dos Intergrupos e deputado do Parlamento Vasco, Carmelo Barrio Baroja.

De seguido, celebrarase a primeira sesión de traballo, que contará coa participación do delegado saharauí en Galicia, Habibullá Mohamed; o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo Aller, e a representante das asociacións galegas de amigos e amigas do pobo saharauí, Maite Isla Avión. O secretario xeral da Federación Estatal de Institucións Solidarias co Sáhara (FEDISSAH), Antonio López Ortiz, presentará as conclusións da Conferencia Internacional de Apoio e Solidariedade co Pobo Saharauí (EUCOCO 2015), celebrada en Madrid.

Durante a mañá do sábado, na segunda sesión de traballo, intervirán o presidente da Federación Estatal de Institucións Solidarias co Sáhara, Carmelo Ramírez Marrero; o presidente da Asociación Internacional de Xuristas polo Sáhara Occidental, Felipe Briones Vivas, e a delegada da RASD en España, Jira Balahi.

Xa pola tarde, os participantes nesta Conferencia abordarán as actividades a desenvolver polos Intergrupos parlamentarios durante



o ano 2016 e a coordinación dos mesmos. Tamén elaborarán un documento de conclusións.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.